

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN VENEZOLANA DE GALICIA (FEVEGA), PARA O MANTEMENTO DE OFICINAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO DIRIXIDAS A PERSOAS EMIGRANTES RETORNADAS EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Federación Venezolana de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que a Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que non é posible promover a concorrência pública, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que o interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecerlle ás persoas emigrantes retornadas á comunidade autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para articular o financiamento dos gastos derivados do mantemento das oficinas de información e asesoramento da Federación Venezolana de Galicia ás persoas emigrantes galegas retornadas á comunidade autónoma galega, así como un servizo de información e asesoramento itinerante. As ditas oficinas e o servizo itinerante teñen como finalidade realizar actividades de información e asesoramento ás persoas emigrantes retornadas a esta comunidade autónoma procedentes de xeito preferente desde Venezuela.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Federación Venezolana de Galicia, que ten a súa sede social no concello de Vigo, é unha agrupación de asociacións sen ánimo de lucro e de ámbito autonómico, que naceu no ano 2009 co obxectivo de apoiar aos socios e ás socias nos seus ámbitos de actuación e desenvolver accións de atención ás persoas emigrantes retornadas no seu proceso de integración social, laboral e cultural nesta comunidade autónoma. Segundo os últimos datos publicados polo INE, as persoas emigrantes procedentes de Venezuela continúan ocupando o primeiro lugar no seu retorno a Galicia, polo que, tendo en conta que se trata da única federación na comunidade autónoma galega que aglutina asociacións de venezolanos/as, é de especial relevancia a función da federación na atención que



desempeña nas primeiras fases do retorno deste colectivo, prestándolle a información e o asesoramento necesarios para acadar con éxito a súa inserción laboral, social e cultural.

Por este motivo, desde o ano 2017 a Secretaría Xeral da Emigración está a colaborar con esta entidade para prestar estes servizos a través das oficinas de información e asesoramento, así como do servizo de información e asesoramento itinerante.

A estrutura administrativa e de xestión da Federación é limitada, razón pola que se estima necesario anticipar á entidade o 80% da contía da subvención prevista no convenio (50.000,00 €), co fin de que se poida garantir a continuidade na prestación dos servizos e no seguimento individualizado que se está a prestar ás persoas destinatarias, e evitar, desta maneira, un posible prexuízo para as persoas derivado dun eventual problema de liquidez que poida derivar nunha interrupción no desenvolvemento das accións e no asesoramento que se presta, podendo poñer en perigo a consecución da súa integración.

O importe restante librarase no momento en que se xustifiquen na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda, sen que en ningún caso, o importe pagado sexa superior ao importe xustificado, ata o límite do importe concedido.

Este convenio conleva a realización de accións a favor dun colectivo que presenta unha problemática específica e necesita dun especial acompañamento no momento do retorno para poder conseguir a súa plena integración, polo que cómpre garantir tanto que as actividades poidan programarse con anticipación como a súa continuidade no tempo.

Por todo iso, e para garantir que non se produza ningunha interrupción na prestación nos servizos, considérase xustificada a necesidade do pagamento anticipado do 80% da contía total da subvención como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas no convenio cun marco de programación estable e continuada no tempo.

Para dar cumprimento ao obxectivo deste convenio a Secretaría Xeral de Emigración alcanzará a cantidade máxima de cincuenta mil euros (50.000,00 €) con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 (CP 2015 00038) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, na que existe crédito adecuado e suficiente.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica



O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

